

## MILES DE PERSOAS SAÍRON ÁS RÚAS DAS VILAS E CIDADES GALEGAS PARA RECLAMAR QUE SE SUBAN OS SALARIOS, QUE SE BAIXEN OS PREZOS E SE REPARTAN OS BENEFICIOS

**Redacción.-** Miles de persoas, convocadas por UGT, saíron ás rúas das principais vilas e cidades galegas para celebrar este Primeiro de Maio baixo o lema “Subir salarios, baixar prezos e repartir beneficios”.

Xa é o segundo ano que se celebra un Primeiro de Maio marcado pola guerra en Ucraína, feito que estivo presente en todas as mobilizacións nas que puxo de relevo a necesidade, hoxe máis que nunca, de facer fincapé na solidariedade internacional e no compromiso coa paz. Porque hai que poñer fin a un conflito orixinado pola invasión ilexítima de Rusia sobre Ucraína. Unha agresión que está a significar un terrible drama humano e está a provocar tamén unha tensión xeopolítica a nivel mundial que está a repercutir economicamente no incremento dos prezos, sobre todo, no contexto da UE. O que, sumado a alza dos tipos de xuro, problemas na subministración ou subida do prezo da vivenda está a provocar unha conxuntura que xera serias dificultades para moitos fogares para chegar a fin de mes.

Neste Primeiro de Maio UGT denunciou que esta subida da inflación non ven motivada só polo contexto internacional, unha parte importante desta subida a orixinan o exceso de beneficios empresariais. As empresas repercuten as subidas enerxéticas e de materias primas no prezo final cara os consumidores, para manter as súas marxes de beneficios, o que está a afectar dun xeito moi negativo sobre



os segmentos máis vulnerables da poboación.

Ante isto, UGT esixiu neste Primeiro de Maio responsabilidade social por parte das empresas pero tamén unha resposta pública que lles permita

aos máis vulnerables facer fronte á subida dos prezos. Se ben é certo que xa se puxeron enriba da mesa medidas neste senso, ante a conxuntura actual, hai que reforzalas e dotalas de eficacia.

Este Primeiro de Maio debe servir tamén para saudar todo o conseguido no contexto do diálogo social a través dos acordos alcanzados entre Goberno e os sindicatos UGT e CCOO. Os acordos en materia de pensións e SMI supoñen a protección das rendas de preto de 900.000 persoas en Galicia, manténdose o poder adquisitivo de 770.000 pensionistas e de máis de 100.000 persoas que dependen do SMI. Hai que lembrar que as pensións tiveron un incremento do 8,5% e que o SMI acumula unha subida do 47% na lexislatura.

Pero aínda hai materias pendentes. Ante unha inflación tan elevada como a actual, hai que protexer as rendas do traballo, os salarios. Urxe garantir, mediante a negociación colectiva, salarios que crezan en parámetros equivalentes á inflación, para o que hai que esixir en todos os convenios cláusulas de garantía salarial. Para isto, apostamos polo V AENC que debe servir para garantir o poder de compra pero tamén para implementar nos convenios toda a normativa que se ten aprobado, como a reforma laboral ou adaptación a un novo modelo económico máis sostible. UGT vai traballar polo acordo pero, se se pechan as portas, tanto nos convenios individuais como ao AENC, haberá conflito nas rúas.

O emprego tamén vai seguir sendo o principal obxectivo sindical. A reforma laboral de 2021 está a melloralo, superando o millón de persoas afiliadas á Seguridade Social en Galicia, reducíndose a temporalidade en tan só un ano en 7,7 puntos na nosa Comunidade, a contratación indefinida pasa dunha media mensual do 9,5% ao 38%, mellórase o emprego de mulleres e mozos. É dicir, a reforma laboral da os seus

froitos pero hai que seguir traballando nesta liña.

Queda camiño por andar, con case tres millóns de persoas en situación de desemprego en España, 142.000 en Galicia. Hai que buscarlle unha saída digna a todas estas persoas, reforzando as políticas activas de emprego e os servizos públicos de emprego.

A ambos sindicatos tamén lles preocupa o custo do despedimento neste país. España asinou no 2021 a Carta Social Europea, de obrigado cumprimento. Pero no noso país aínda segue a ser fácil e barato despedir. Hai que avanzar cara un custo do despedimento suficientemente disuasorio, xusto e axeitado ás circunstancias sociais, vitais e de reempregabilidade das persoas vítimas de decisións inxustas, de acordo coa doutrina do Comité Europeo de Dereitos Sociais.

En definitiva, este Primeiro de Maio debe servir para saudar os logros acadados que están a permitir que os efectos das dúas grandes crises destes últimos anos sexan máis leves para o conxunto da clase traballadora, pero tamén para demandar que se manteña e se faga fincapé nas medidas que garanten o paraugas social. Apostamos por seguir incidindo nas políticas sociais, fortalecemento dos servizos públicos, polo dereito a unha vivenda

digna, polo emprego de calidade, pola igualdade, a fiscalidade suficiente e progresiva... Temos que seguir avanzando en dereitos, liberdades e dignidade para que as maiorías sociais vivan mellor.



## A REFORMA LABORAL REDUCIU A FRAUDULENTA TEMPORALIDADE

**Os datos de paro do mes de abril reflicten unha nova baixada, aínda que en Galicia en menor medida que no resto do Estado**

**Redacción.-** Os datos de paro publicados o xoves polo Servizo Público de Emprego (SEPE) contabilizaron un descenso de 2.504 persoas desempregadas no mes de abril. Con respecto ao ano anterior, o paro tamén se reduce en 11.259 persoas, situándose nun total de 139.343, o mellor dato da serie histórica, dende 1996. Pola súa banda, a afiliación creceu este mes en 6.784 persoas, sendo o maior aumento mensual de afiliados de toda a serie histórica.

Un mes máis, hai que destacar a positiva influencia da reforma laboral no mer-

cado de traballo, cun dinamismo do emprego e grazas á contratación indefinida, de maneira que o 37,79% do total de contratos asinados en abril foron indefinidos. Isto é, 19.521 contratos indefinidos dun total de 51.657 contratos rexistrados. Non esquezamos que, antes da pandemia e a reforma labo-



ral, apenas un de cada dez contratos era indefinido, sendo o resto contratos temporais con precarias condicións laborais.

Unha cuestión que cambiou tras a entrada en vigor da reforma, xa que a contratación temporal foi reduciendo a súa importancia ata situarse en mínimos históricos. Concretamente, en abril, a taxa de temporalidade da afiliación do réxime xeral mantense no mínimo histórico do 23,7%, cando era antes da reforma do 35,6%. Confírmase así un mes máis o éxito da nova norma para cumprir co seu principal obxectivo: reducir a excesiva e fraudulenta temporalidade do noso mercado laboral.

## Aínda existen deficiencias no mercado de traballo

Para UGT, estes resultados históricos non deben distraernos, con todo, doutros aspectos do emprego que aínda teñen que cambiar. Un deles é a temporalidade do sector público que, segundo a última EPA, ascendeu ao 32,3% no primeiro trimestre, a diferenza da do sector privado, que se reduciu ao 12%, achegándose á existente na Unión Europea. Isto advirtenos que, a pesar da súa mellora, a temporalidade aínda continúa estando presente nalgúns ámbitos, como na propia Administración Pública, que precisamente debería ser un exemplo para o resto de sectores e incentivar a contratación estable e de calidade nos seus diversos organismos.

Outra materia que debe atenderse é o desemprego de longa duración, que aínda afecta a 47.700 persoas que non teñen perspectiva de mellorar no curto prazo. O principal motivo é a nova Lei de Emprego, que non foi impulsada desde o diálogo social, e cuxo contido non ofrece solución ás principais deficiencias dos Servizos Públicos de Emprego do noso país. Por iso, UGT reclama desenvolver canto antes aqueles artigos da lei que permitan ampliar o orzamento e o persoal dedicado á orientación profesional, para que as persoas

desempregadas poidan obter un bo diagnóstico das súas necesidades e un itinerario personalizado que inclúa a formación, os servizos e o resto de políticas de emprego necesarias para mellorar a súa inserción laboral.

Ademais, UGT demanda ampliar a cobertura do sistema de prestacións por desemprego, pois no mes de marzo tan só beneficiáronse 85.501 persoas dunha prestación, situándose a taxa de cobertura no 66%; e abordar a reforma das causas e o custo do despedimento. Para iso, e dado que o actual Goberno négase a avanzar nesta dirección, UGT presentou unha reclamación ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais do Consello de Europa para que o custo do despedimento recupere o efecto disuasorio e de reparación do dano que nunca debeu perder.

## Radiografía desemprego en Galicia

Concretando os datos, en Galicia o desemprego baixou en 2.504 persoas con respecto ao mes anterior (1,77%) e no Estado esta cifra baixou un 2,58%. No ano tamén se rexistrou unha contracción do desemprego, baixando en 11.259 persoas, un 7,48% menos.

Así, o número total de desempregados sitúase en 139.343 persoas, a cifra máis baixa nun mes da serie histórica, dende 1996.

Por idades, entre os menores de 25 anos, o desemprego baixou nun 9,42% e baixou no ano nun 14,6%.

Por sexos, o paro cae en ambos casos, entre as mulleres nun 1,7% e nun 1,9% entre os homes. No ano tamén baixou en ambos casos, o 8,7% entre os homes e o 6,6% entre as mulleres. Aínda así, en ter-

mos estruturais, as mulleres seguen a representar o 58,57% do total do desemprego en Galicia.

En canto aos sectores, dáse unha baixada do paro en todos. Así, baixou un 1,96% no primario; un 1,59% na industria; o 1,24% na construción; un 1,83% no colectivo sen emprego anterior; e nun 1,82% nos servizos. No ano sucede o mesmo, baixa en todos. Baixa un 16,86% no primario; o 13,74% na industria; o 9,88% na construción; e o 6,58% no sector servizos. A baixada foi moi leve no colectivo sen emprego anterior, dun 0,41%.

Territorialmente, cae o desemprego no mes en todas as provincias, nun 2,34% en Lugo; o 1,66% en Pontevedra; o 1,49% na Coruña; e o 2,62% en Ourense. No ano baixa en todas as provincias, en Lugo nun 9,1%; 9,14% en Pontevedra; 5,52% na Coruña; e o 7,1% en Ourense.

O dato de contratación indefinida é do 37,79%, aínda por abaixo do resto do Estado onde é do 45,84%. Realizáronse en abril un total de 51.657 contratos en Galicia, menos que no ano anterior pero de moita máis calidade.

Por sectores, destacan as porcentaxes de contratación indefinida na construción, do 76,94%, e do 58,97%, no primario. Tamén foron elevadas, aínda que non tanto, nos servizos, do 36,84%, e na industria, do 26,82%.

En canto á taxa de cobertura, esta sitúase no 66%, con 85.501 persoas beneficiarias. Deste total, 42.216 perciben a renda activa de inserción. Tan só 38.536 prestacións contributivas.

A afiliación á Seguridade Social sitúase en 1.050.315 de media mensual, medrando un 0,65% no mes e un 1,58% no ano.

## OS FUNCIONARIOS DE XUSTIZA PROTAGONIZARON UNHA XORNADA DE FOLGA E DIVERSAS MOBILIZACIÓNS

**Redacción.-** Ante o inmovilismo do Ministerio de Xustiza, este xoves os traballadores e traballadoras de Xustiza protagonizaron unha xornada de folga e concentracións en toda a xeografía nacional. En Galicia a concentración tivo lugar diante da Delegación do Goberno.

As mobilizacións e paros parciais xa se sucederon ao longo das xornadas previas.

Nas últimas reunións o Ministerio de Xustiza transmitiu ao comité de folga un non radical á subida do complemento xeral de posto e eliminou calquera oferta

para a aprobación inmediata ou para a dotación económica do complemento de carreira profesional.

Por todo isto, e ante a falta de oferta para unha subida de retribucións en todos os corpos xerais e especiais e en todos os eidos territoriais e tamén ante a



falta de avances na negociación da LOEO, as mobilizacións vanse intensificar.

## A ENERXÍA COMO FACTOR DETERMINANTE NA COMPETITIVIDADE INDUSTRIAL, A DEBATE NUNHAS XORNADAS ORGANIZADAS POR UGT FICA

**Redacción.-** UGT FICA Galicia e a Fundación Anastasio de Gracia, en colaboración coa Xunta, organizaron os pasados días 27 e 28 en Vigo unhas xornadas sobre “A enerxía, factor determinante na competitividade industrial”.

Foron dous días de intensos debates ao redor de cales serán as fórmulas enerxéticas do futuro e nas que as empresas tamén expuxeron as súas necesidades neste senso e como ven o futuro e as súas particulares apostas.

Pedro Hojas, director xeral da Fundación Anastasio de Gracia, foi o encargado de presentar as xornadas cuxa apertura correu a cargo do vicepresidente da Xunta, Francisco Conde, e do secretario xeral de UGT FICA Galicia, Javier Carreiro.

Despois, ao longo de dúas xornadas desenvolvéronse catro paneis nos que responsables de empresas como Ferroglobe, Alcoa, Stellantis, Reganosa, Norvento, Ence, Endesa, Greenalia ou Naturgy analizaron e debatiron sobre a situación das empresas elec-



trointensivas; como os gases renovables inciden na descarbonización; ou a posición estratéxica dos operadores.

Tamén se desenvolveu un panel sobre o reto que teñen as administracións públicas ante a competitividade enerxética. Aquí interviñeron a xefa do departamento de acceso á

rede REE, a secretaria xeral de Industria da Xunta e o comisionado especial do Goberno PERTE descarbonización.

O acto de clausura correu a cargo do presidente da Xunta, Alfonso Rueda; e do secretario xeral de UGT FICA, Mariano Hoya.

## TRAS A FALTA DE ACORDO E SE AS ASEMBLEAS A APOIAN, HABERÁ FOLGA NO TRANSPORTE DE VIAXEIROS A PARTIR DO LUNS

**Redacción.-** Todo parece indicar que a partir do luns arrancará en Galicia unha folga indefinida no sector do transporte de viaxeiros por estrada. Despois dunha reunión no CGRL de case dez horas, o acordo entre patronal e sindicatos non foi posible. A patronal, ademais de non aceptar as propostas que se facían pola parte social para un acordo global para garantir unhas condicións laborais dignas e mínimas para toda Galicia para o sector en materia de xornadas, salarios despois de 2023, dietas, pluses..., puxo en dúbida o propio acordo económico de

subas salariais para o 2021 e 2022 que posibilitara a desconvocatoria da folga os días 27 e 28.

Esta noite, ás 22.00 horas, están previstas asembleas nas sete cidades para informar aos traballadores e traballadoras do sector de como transcurriron as reunións e consultarlles se se continuará adiante coa folga prevista a partir do día 8.

Dende FeSMC-UGT insístese en que se está a falar dun sector con xornadas de máis de 10 horas diarias de promedio,

non se lles distinguen festivos de días laborables, a palabra conciliación para os traballadores e traballadoras do sector é inexistente, xa que en moitas ocasións se lles informa dos horarios a noite do día anterior, ás veces os medios de traballo non están nas mellores condicións e todo isto con salarios moi baixos.

En todo este contexto, FeSMC tamén demanda unha maior implicación da Xunta que debería participar máis na achega económica do coste dun servizo público de transporte de calidade.

## Escola Viva e UGT organizan en Vigo os días 5 e 6 as xornadas “Desenvolvemento da LOMLOE e da nova FP”

**Redacción.-** Escola Viva e a federación de UGT Servizos Públicos organizan os días 5 e 6 de maio as xornadas “Desenvolvemento da LOMLOE e da nova FP. Perspectivas” que terán lugar na sede de UGT-Vigo.

As xornadas arrancarán o día 5 ás 17.00 horas coa inauguración das mesmas.

Xa ás 17.30 horas María Luz Martínez Seijo, voceira de educación no Congreso polo PSOE, fará unha análise do “Desenvolvemento da LOMLOE e da nova FP”, tras a cal abrirase unha quenda de debate. O día 6, retomaranse as xornadas cunha táboa redonda sobre “A LOMLOE e nova lei de FP na realidade dos centros”. Aquí están pre-

vistas as intervencións do ex director xeral de FP e vicepresidente do Consello escolar municipal de Vigo, Antonio Vázquez; de Guillermo A. Meijón, voceiro adxunto do PSOE no Congreso; un representante de FOANPAS; e Cristóbal Salgueiro, responsable de UGT Servizos Públicos Ensino na provincia de Pontevedra.

## HAI QUE SEGUIR AVANZANDO EN DEREITOS SOCIAIS E CONSEGUIR UN AUMENTO DOS SALARIOS

*O 5º Comité Confederal da Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores celebrouse os días 3 e 4 de maio en Madrid, contando coa participación de representantes de UGT de todo o territorio nacional*

**Redacción.-** No Comité, abordáronse propostas en materia de saúde laboral, cooperación internacional, fomento da igualdade e loita contra a brecha de xénero, servizos sociais, reto demográfico e España baleirada, educación, medio ambiente e transición xusta e verde, mobilidade, fiscalidade e política industrial e axenda 2030.

Como recalcou Pepe Álvarez na súa intervención, durante o último ano conseguíronse grandes logros que cabe poñer en valor. “A reforma laboral está a crear máis e mellor emprego, e máis de dous millóns de persoas teñen contrato indefinido, pasando do 28% de temporalidade ao 14%”, afirmou o secretario xeral de UGT. Por iso, fai falta continuar traballando nesta dirección para conseguir que máis persoas gocen dun traballo de calidade, cuns salarios que suban en consonancia ao custo da vida.

Para as eleccións do 28 de maio, recalcou a relevancia do Salario Mínimo Interprofesional como eixo central das políticas sociais das administracións públicas. As recentes subidas do SMI allanan o terreo para a avogacía dunhas políticas sociais que faciliten as cousas a quen menos cobran.

Por iso, UGT propón medidas como un abono transporte gratuito, a creación de bonos e a promoción de vivendas sociais para o alugueiro;



matriculas gratuítas en todos os ciclos educativos e a gratuidade de todo tipo de medicamentos.

O Comité Confederal aprobou por unanimidade a convocatoria dunha Conferencia Organizativa que se celebrará en Vitoria os días 27, 28 e 29 de novembro de 2023.

## O BANCO CENTRAL EUROPEO APERTA MÁIS A FOGARES E EMPRESAS

*A subida dos tipos de xuro supoñerá un encarecemento das hipotecas, do crédito para o consumo e o investimento e do custo da débeda*

**Redacción.-** Seguindo o ronsel da Reserva Federal, que elevou nun cuarto de punto os tipos ata situalos no 5,25%, o Banco Central Europeo (BCE) decidiu volver subir os tipos de interese de intervención na mesma contía, levándoos ao 3,75%, o valor máis alto desde novembro de 2008. É unha mala noticia para fogares e empresas, e por extensión, para o conxunto da economía española, posto vai supoñer un encarecemento adicional das hipotecas e do crédito para o consumo e o investimento, así como do custo da débeda. Con iso, o BCE parece empeñado en tensar as capacidades financeiras dos axentes económicos e, con iso, a resistencia do crecemento da actividade dos países da eurozona, aínda fráxil no contexto dunha imprevisible guerra no corazón europeo.

Así, mentres a política fiscal decidida polo Goberno (e con moitas medidas pactadas cos sindicatos) está a contribuír a impulsar a actividade e frear a inflación (tal e como destacou o Banco de España nun recente informe), a política monetaria traballa en sentido oposto, po-

ñendo paus nas rodas do crecemento da actividade e o emprego, coa escusa de arrefriar o consumo para dobregar a inflación. Esta é unha receita ineficiente, daniña e perigosa, que corre o risco de empuxar ás economías europeas a unha recesión autoinducida.

Mentres, as entidades financeiras seguen sen trasladar estes incrementos de tipos de interese ás retribucións dos depósitos, reflectindo a falta de competencia no sector e a escasa persuasión das autoridades monetarias, demasiado compracentes ante a perversión do negocio orixinal destas entidades, cada vez máis en dúbida.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores rexeita, en consecuencia, o endurecemento da política monetaria seguida polo BCE, que non ataca as causas efectivas da inflación, favorece un comportamento perverso da banca e prexudica o crecemento económico e a ca-



lidade de vida da maioría as persoas. Esta estratexia, xunto á decepcionante formulación de reforma das regras fiscais europeas realizada desde Bruxelas, deixan albiscar un escenario institucional para os próximos anos moi preocupante, que parece poñer as bases para a volta das perniciosas políticas de austeridade que afundiron ás economías da área, e especialmente ás do sur, a partir de 2010. A próxima Presidencia española debe traballar para impedir esta regresión e asentar un cambio de políticas de progreso.